

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

LINGUA E LITERATURA GALEGA

CPI DO TOURAL

VILABOA

CURSO 2022-2023

ÍNDICE

1. Introducción e contextualización.....	4
1.1. Profesores do departamento e docencia que imparten.....	4
1.2. Características do alumnado.....	5
2. Contribución da área ao desenvolvemento das competencias clave.....	7
3.Obxectivos.....	10
3.1.Obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria.....	10
3.2.Obxectivos da área de Lingua galega e literatura.....	12
4.Contidos e criterios de avaliación por curso.....	16
2º ESO.....	16
4º ESO.....	22
5. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación	28
6. Concrecións metodolóxicas que require a materia.....	28
7. Materiais e recursos didácticos.....	29
8. Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.....	29
9. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.....	34
10. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	35
11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	36
12. Medidas de atención á diversidade.....	36
13. Fomento da lectura e das TIC	38
14. Concreción dos elementos transversais.....	39
15. Actividades complementarias e extraescolares.....	40
16. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....	42

ANEXOS

ANEXO I.....43
ANEXO II.....63

1.INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

1.1.Docentes do departamento e docencia que imparten

PROFESORES	DOCENCIA
M^a Elisa Roca Rodríguez XEFA DE ESTUDOS	LGL: 3º ESO A LGL: 3º ESO B CULTURA LUSÓFONA: 2ºESO
M^a do Carme Costa del Río XEFA DO DEPARTAMENTO	LGL: 1º ESO A LGL: 2º ESO A LGL: 2º ESO B LGL: 4º ESO A LGL: 4º ESO B
María Pérez Vázquez DEPARTAMENTO DE INGLÉS	LGL: AGRUPAMENTO 2º ESO
Paula Santamaría Pazos DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ	LGL: 1º ESO B

1.2. Características do alumnado

Os alumnos de secundaria proceden de todo o concello, xa que este é o único centro educativo de Vilaboa que imparte a ESO. Cabe destacar a escolarización de alumnado marroquí e xitano, polo que esta realidade supón abordar dun xeito especial a multiculturalidade no noso centro, entendida como riqueza e como reto educativo.

Ao longo dos anos de existencia do CPI puidemos constatar unha serie significativa de características dominantes entre o alumnado:

- Baixo nivel de contidos conceptuais e procedementais en materias instrumentais.
- Pouca motivación e unha maior deficiencia nos seus hábitos de estudo.
- Aumento do alumnado con necesidades educativas especiais.
- Problemas de disciplina illados.
- O tempo que dedican ao estudo persoal varía.
- Aumento progresivo da utilización do castelán como idioma vehicular.
- Ás veces teñen dificultades para entender e comprender o que teñen que estudar.
- Dificultades para asociar e relacionar os conceptos.

Non podemos deixar de sinalar que, por mor dos problemas sociolingüísticos aos que se ten que enfrontar, en moitos casos, o noso alumnado está lonxe de posuír a competencia necesaria para desenvolverse en lingua galega con normalidade en situacións cotiás, como poden ser unha conversa espontánea ou a redacción dun texto determinado. Esta anormal situación sociolingüística leva a que non poidamos esquecer o papel relevante que podemos - e debemos- xogar nas nosas clases, tanto na mellora das destrezas lingüísticas como na superación de prexuízos e actitudes negativas cara á normalización social da lingua.

Se o ensino da lingua e da literatura debe favorecer a aprendizaxe das habilidades comunicativas, é obvio que non chega coa aprendizaxe duns saberes lingüísticos que por si sós non garanten a mellora das súas capacidades expresivas e comprensivas. Se queremos que os alumnos e as alumnas saiban comunicarse e expresarse, a educación lingüística e literaria debe axudalos a mellorar a súa competencia comunicativa nas diversas situacións. Isto é aínda máis necesario no noso centro, xa que recibe alumnado de orixe marroquí que ten escasas oportunidades de desenvolver a súa competencia fóra das aulas ao non atopar un contexto cotián no que o uso do galego sexa habitual. De aí a importancia do ámbito escolar como espazo privilexiado para un uso normalizado da lingua.

Velaí o noso labor: o traballo debe orientarse ao dominio dos mecanismos verbais e non verbais de comunicación e representación que constitúen a base de toda interacción comunicativa e, xa que logo, de calquera aprendizaxe escolar e social. A educación lingüística e literaria debe facer posíbel o maior grao de competencia comunicativa do alumnado no uso da lingua e contribuír ao dominio das destrezas lingüísticas básicas (comprender, falar, ler, escribir) na vida das persoas, sen esquecer que os problemas sociolingüísticos que ten hoxe o galego condicionan o deseño e a realización das actividades na aula.

O uso que o alumnado fai da lingua fóra das aulas, a consideración social do idioma, as normas non escritas que configuran o seu uso nos diferentes ámbitos, a presenza escasa e subordinada do galego nos medios de comunicación, etc. son algúns dos factores que fan ilusoria a pretensión dunha práctica docente igual á que se podería dar se a lingua estivese socialmente normalizada. A clase non é un mundo illado, e o alumnado percibe con claridade unha situación así. Isto inflúe, queirámolo ou non, no traballo da aula, polo que é mester telo en conta á hora de definir calquera proposta curricular.

Isto non quere dicir que as clases de Lingua Galega e Literatura deban xirar ao redor da reflexión sobre os problemas sociais da lingua ou do traballo dirixido a un necesario fomento de actitudes positivas. Estes son imprescindíbeis, pero a finalidade principal ten que ser, como xa dixemos, o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado. E precisamente porque ese é o obxectivo principal, os problemas sociais da lingua teñen que estar presentes, como pano de fondo, en todas as actividades que desenvolvamos.

Un dos fenómenos máis relevantes desa anómala situación é o feito de que persoas que na súa vida persoal se expresan preferentemente en galego, en certos contextos e ámbitos sociais agóchano e exprésanse en castelán. Pódese así falar dunha invisibilidade social do galego, que se explica porque os comportamentos lingüísticos aparecen condicionados polos prexuízos sociais, prexuízos diglósicos que funcionan como leis non escritas interiorizadas polo conxunto da poboación. Esta invisibilidade vese reforzada por unha ampla gama de factores. O caso dos medios de comunicación de masas, sobre todo os escritos, quizais sexa o máis evidente, pois neles este proceso de ocultamento da lingua é clamoroso, ao reproducir en castelán case toda a vida social que se fai en galego. Como consecuencia, o galego ten unha presenza social moito menor da que lle correspondería, e o seu uso parece estar proscrito en certos ámbitos e funcións. Podemos dicir que, en certo sentido, é unha lingua oculta. Esta ocultación social (é dicir, a súa situación minorizada: sendo maioritaria, parece que non o é) é un fenómeno que, con maior ou menor intensidade, se estende por toda Galicia, acadando dimensións preocupantes nalgúns ámbitos urbanos.

Os principais atrancos para o uso normalizado do galego nos distintos ámbitos sociais teñen a súa orixe na existencia de prexuízos e actitudes negativas cara á lingua (o cambiar de lingua cando o interlocutor fale en castelán; o comportamento lingüístico cos nenos, coas nenas e adolescentes, utilizando decote o castelán, mesmo se son galegofalantes; a asociación do galego co atraso, pobreza ou ruralismo; a crenza de que a súa utilización é un síntoma de localismo, etc.). Neste sentido, cabe afirmar que o problema da invisibilidade social do galego só desaparecerá cando estes prexuízos deixen de ter a extensión social que teñen hoxe. É evidente que as nosas clases poden -e deben- xogar un papel determinante nesta muda das actitudes nas novas xeracións, que de feito xa teñen menos prexuízos e actitudes negativas, posibelmente debido ao aumento do prestixio social da lingua e á súa presenza no ámbito académico. É máis, nunha boa porcentaxe da mocidade (sexo ou non galegofalante) hai unha significativa presenza de actitudes positivas cara á lingua galega e a súa normalización social.

2.CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Na área de Lingua Galega e Literatura incidiremos no adestramento de todas as competencias de maneira sistemática, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

Desde a área de Lingua Galega e Literatura desenvólvense de forma xeral varios aspectos desta competencia, xa que as análises das estruturas morfolóxicas, sintácticas e textuais supoñen un adestramento do razoamento lóxico, a súa sistematización, a aplicación dun método rigoroso. Por outro lado, a variedade tipolóxica e temática dos textos pon en contacto a área coa relación do ser humano coa realidade, o mundo científico e o contorno ambiental.

Así, ademais dos descritores da competencia que se traballan puntualmente nas unidades, destacamos os seguintes:

- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.
- Manter un caderno ou portafolio organizado e ben distribuído.
- Interpretar mapas e estatísticas.
- Comentar gráficas.
- Realizar estudos sociolingüísticos.
- Calcular porcentaxes.

Competencia en comunicación lingüística (CCL)

A competencia en comunicación lingüística adéstrase de maneira explícita no propio ámbito curricular; por tanto, poderíamos incluír calquera dos descritores desta competencia. Porén, e dado que se explicitan nas unidades segundo a relevancia que teñen en cada unha delas, resáltanse aquí aqueles que favorecen a súa transversalidade.

Destacamos, pois, os descritores seguintes:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.

Competencia dixital (CD)

A área de Lingua Galega e Literatura debe contribuír ao adestramento da competencia dixital, tan relevante e necesaria no contexto actual. O uso das novas tecnoloxías supón un

novo modo de comunicación cuxo ámbito haberá que adestrar de maneira sistemática. A produción de procesos comunicativos eficaces nos que se empregan os contidos propios da materia é un pilar esencial para o desenvolvemento da competencia dixital nos alumnos e alumnas.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Empregar distintas fontes dixitais para a busca de información (dicionarios, correctores ortográficos, enciclopedias e bibliotecas virtuais).
- Consultar xornais dixitais.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada da información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Comprender as mensaxes procedentes dos medios de comunicación.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción do coñecemento.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.
- Usar soportes electrónicos para a presentación de traballos.

Conciencia e expresións culturais (CCEC)

A expresión lingüística e o coñecemento cultural que se adquire a través da literatura facilitan desde a área o desenvolvemento desta competencia. A verbalización de emocións e sentimentos sobre as manifestacións literarias ou artísticas, as creacións propias, o coñecemento do acervo literario, etc. fan desta área un cauce perfecto para adestrar a competencia.

Traballamos, por tanto, os seguintes descritores:

- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Algunhas das actividades previstas nesta programación que contribúen a desenvolver a CCEC son:

- Visitas a museos.
- Participación en concertos, festivais ou recitais poéticos .
- Asistencia a representacións teatrais.
- Lecturas dramatizadas.
- Visión e análise de filmes ou documentais.
- Realización de roteiros literarios.
- Lecturas de textos literarios na aula.

- Lecturas individuais das obras literarias obrigatorias e voluntarias.
- Identificación das relacións entre as manifestacións artísticas e as sociedades en que se insiren.
- Análise da evolución das ideas estéticas e dos gustos e convencións.
- Debates ou proxectos sobre diversidade cultural .
- Obradoiros de escritura, etc.

Competencias sociais e cívicas (CSC)

Traballar con outras persoas, descubrir as diferenzas e establecer normas para a convivencia favorece o desenvolvemento das competencias sociais e cívicas. Desde o uso da lingua para chegar a consensos, establecer e cumprir regras de funcionamento ata o seguimento das normas de comunicación, pódese adestrar en Lingua Galega e Literatura esta competencia. Por outra parte, a contextualización da comunicación lingüística e literaria propias da área e a importancia da crítica textual fan fundamental o traballo desta competencia.

Para iso, adestraremos os seguintes descritores:

- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a intervención activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

O adestramento do sentido de iniciativa e espírito emprendedor é de vital importancia en calquera contexto educativo porque favorece a autonomía dos alumnos e o desenvolvemento de habilidades persoais para emprender accións innovadoras en contextos académicos que logo se poderán extrapolar a situacións vitais. No propio estudo da materia, os alumnos e as alumnas deben recoñecer os seus recursos e adquirir hábitos que lles permitan superar dificultades no traballo e na consecución de metas establecidas.

Os descritores que priorizaremos son:

- Optimizar os recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo, superando as dificultades.
- Dirimir a necesidade de axuda en función das dificultades da tarefa.
- Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

Aprender a aprender (CAA)

A competencia pódese desenvolver na área fomentando tarefas que permitan que o alumno ou a alumna se recoñeza a si mesmo/a como aprendiz para a mellora dos seus procesos de aprendizaxe. Neste sentido, a materia de Lingua Galega e Literatura préstase especialmente a iso, xa que é unha área que favorece os procesos metacognitivos e a adquisición de estratexias e estruturas de aprendizaxe extrapolables a outras áreas e contextos.

Trabállanse os seguintes descritores de maneira prioritaria:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, funcións executivas, etc.
- Xestionar os recursos e motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente, etc.
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.
 - Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.

3.OBXECTIVOS

3.1.Obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3.2.Obxectivos da área de Lingua galega e literatura

2º ESO

1. Coñecer as características da linguaxe dos distintos medios de comunicación.
2. Analizar textos orais e escritos de medios de comunicación en formato dixital e en papel, para identificar ideas principais, comprender o contido e procesar a información mediante distintas ferramentas.
3. Distinguir ámbitos diferentes en textos orais, coñecer as súas características e os trazos que os diferencian.
4. Sintetizar e procesar información desde textos orais de distintos ámbitos.
5. Elaborar criterios para analizar criticamente o propósito comunicativo en textos orais diversos.
6. Elaborar argumentacións propias para expoñer o propósito comunicativo dos textos orais.
7. Recoñecer as connotacións en informacións implícitas nun texto oral.
8. Coñecer e aplicar as regras fonéticas e prosódicas que rexen a lingua galega.
9. Amosar coidado e interese por elaborar producións propias con corrección gramatical, ortográfica e fonética.
10. Empregar o coñecemento da lingua e os contidos traballados para producir textos orais propios con coherencia, cohesión e corrección. Utilizar con corrección nexos textuais de espazo, oposición e contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.
11. Realizar exposicións orais sobre temas diversos seguindo unha estrutura ordenada e coherente, con soltura.
12. Coñecer e utilizar técnicas TIC que faciliten e axuden a mellorar as exposicións orais planificadas.
13. Elaborar opinións propias sobre temas diversos e expoñelas de maneira argumentada e ordenada en distintos contextos.
14. Participar de modo natural e por iniciativa propia en situacións de comunicación oral diversas: debates, corrección de exercicios, diálogos sobre temas, etc.. expoñendo e argumentando as ideas propias.

15. Coñecer e aplicar técnicas de comunicación oral nas exposicións ou en situacións diversas falando en público, coidando a postura, a modulación da voz, a estrutura do discurso, os medios empregados, etc.
16. Desenvolver estratexias para comprender mensaxes orais e escritas en situacións onde hai dificultades de comprensión.
17. Utilizar recursos dixitais e libros de texto para resolver dúbidas sobre vocabulario ou estruturas lingüísticas necesarias para producir con corrección na lingua galega.
18. Empregar os coñecementos da lingua para comprender e producir textos propios no contexto social no que nos desenvolvemos: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.
19. Coñecer os elementos fundamentais dos textos instrutivos e expositivos en contexto educativo: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias. Utilizar ese coñecemento para comprender a mensaxe e utilizar as fontes de información con rigor.
20. Identificar e analizar as distintas fontes de información que son base esencial no proceso de adquisición de coñecementos.
21. Realizar lectura comprensiva de textos diversos: identificar ideas principais e secundarias, sintetizar e representar a información, elaborar argumentacións propias sobre o contido, relacionar o texto con experiencias ou outros coñecementos previos.
22. Realizar unha lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función.
23. Empregar estratexias metacognitivas para identificar canto e como aprendemos.
24. Coñecer os elementos esenciais e os tipos de noticias que aparecen nos medios de comunicación.
25. Elaborar noticias a partir dun modelo con coñecementos adquiridos.
26. Producir en formato papel ou dixital textos de distinta tipoloxía: cuestionarios, resumos, descrición, narracións e explicacións.
27. Producir textos escritos con un compoñente de goce persoal para comunicar experiencias, ideas e pensamentos.
28. Enriquecer con cada temática o léxico, vocabulario e frases da linguaxe habitual en lingua galega.
29. Empregar con soltura e precisión dicionarios e fontes de consulta para comprender textos, enriquecer o vocabulario e contrastar a fiabilidade das fontes empregadas.
30. Coñecer e empregar as normas que regulan os textos orais e escritos de diversos tipos.
31. Comprender que o uso de normas ortográficas e morfolóxicas é necesario para o desenvolvemento da lingua.

32. Coñecer as normas de uso dos signos de puntuación e utilízalos en textos escritos con corrección.
33. Comprender a estrutura de substantivos e verbos para mellorar as habilidades de comprensión e produción lingüísticas.
34. Coñecer os elementos dunha oración desde o punto de vista sintáctico. Empregar este coñecemento para elaborar enunciados, orais e escritos, cun estilo cohesionado e correcto.
35. Realizar autoavaliacións sobre o traballo de maneira realista co obxectivo de mellorar a aprendizaxe.
36. Enriquecer a competencia lingüística co uso das distintas linguas en distintos contextos educativos.
37. Recoñecer a riqueza na diversidade cultural a través das linguas propias de cada pobo.
38. Reflexionar sobre a situación sociolingüística galega desde unha perspectiva social, histórica e xeográfica.
39. Coñecer a historia e as razóns das iniciativas normalizadoras da lingua galegas e describir a situación legal das linguas do Estado español.
40. Identificar e clasificar as variantes diafásicas do galego, recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega e valorala como variante unificadora, así como apreciar a variante diatópica propia.
41. Ler expresiva e comprensivamente en público textos diversos.
42. Coñecer as características de textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, e comparalos sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.
43. Coñecer, identificar e interpretar recursos retóricos nos textos literarios.
44. Escribir de maneira autónoma textos de intención estética aplicando os coñecementos dos recursos literarios traballados.
45. Distinguir os trazos da linguaxe cinematográfica, identificalos e analízalos en diferentes obras de cine.

4º ESO

1. Comprender e interpretar textos propios da comunicación audiovisual, con especial atención aos de carácter argumentativo e publicitario.
2. Comprender e interpretar textos orais de distinta natureza, con especial atención aos de carácter expositivo e argumentativo do ámbito educativo.
3. escoitar e producir textos orais cunha actitude crítica cara aos prexuízos e aplicando os

coñecementos gramaticais para unha mellor expresión.

4. Producir textos orais adecuados á situación e á intención comunicativa, utilizando as estratexias necesarias para falar en público, así como as TIC.

5. Participar activamente en debates propostos sobre temas de interese e valorar a lingua oral como instrumento de relación social.

6. Utilizar técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.

7. Comprender e interpretar textos propios da vida cotiá, relacionados co ámbito laboral, administrativo, comercial e educativo.

8. Comprender, interpretar e redactar, en papel ou en formato dixital, textos argumentativos, xornalísticos e publicitarios.

9. Ler de maneira reflexiva e crítica para identificar usos lingüísticos discriminatorios.

10. Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información complementaria.

11. Utilizar técnicas e estratexias para producir textos escritos adecuados, coherentes e cohesionados, e valorar a escritura como fonte de enriquecemento persoal.

12. Utilizar as TIC para mellorar a presentación dos escritos, difundir textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións.

13. Producir textos propios, en soporte impreso ou dixital, tanto da vida cotiá como de carácter xornalístico (cartas ao director ou columnas de opinión).

14. Utilizar un léxico amplo e adecuado, e identificar as relacións semánticas entre as palabras.

15. Recoñecer e utilizar correctamente as formas verbais e as perífrases verbais.

16. Recoñecer e usar a fonética do galego.

17. Aplicar correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas do galego, e utilizar manuais de consulta de maneira eficaz.

18. Identificar a oración como un tipo de enunciado e analizar as relacións sintácticas entre os elementos que constitúen o predicado.

19. Recoñecer en textos propios e alleos a estrutura dun texto, así como a súa adecuación e os conectores que permiten cohesionar ideas e parágrafos.

20. Identificar os trazos que definen diferentes tipoloxías textuais, especialmente os textos argumentativos.

21. Desenvolver unha competencia lingüística integrada, utilizando os coñecementos dunha lingua para mellorar no uso doutras e participando en proxectos onde se usen distintas linguas.

22. Valorar as linguas como sinal de identidade dos pobos, apreciar o plurilingüismo e coñecer o ámbito da lusofonía.
23. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia, coñecer o proceso de normalización e evitar os prexuizos.
24. Coñecer os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916 ata a actualidade.
25. Describir a situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.
26. Recoñecer e valorar as variedades da lingua, e identificar a estándar como variante unificadora.
27. Identificar os distintos períodos e xeracións da literatura galega desde 1916 ata a actualidade.
28. Ler de maneira comprensiva, expresiva ou dramatizada textos de distintos xéneros da literatura galega desde 1916 ata a actualidade.
29. Elaborar traballos individuais ou en grupo, coa axuda das TIC, relacionados coa literatura galega desde 1916 ata a actualidade.
30. (Re)crear textos con intención literaria a partir dos modelos traballados na clase.

4. CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR CURSO

2º ESO

CONTIDOS

Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar

- B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de novas de actualidade e de informacións de crónicas, reportaxes e documentais procedentes dos medios de comunicación audiovisual.
- B1.2. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais utilizados no ámbito social e educativo.
- B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita cunha actitude de interese, cooperación e respecto ante as intervencións orais, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado.
- B1.4. escoita crítica e reflexiva ante as mensaxes discriminatorias dos medios de comunicación, con especial atención aos programas de carácter informativo: noticias reportaxes e crónicas.
- B1.5. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e cunha actitude crítica ante os prexuizos que se poidan asociar a ela.
- B1.6. Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.

B1.7. Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de técnicas e estratexias para a produción de textos orais sobre temas de actualidade.

B1.8. Participación activa en situación propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.

B1.9. Coñecemento, uso e aplicación de técnicas e estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso nas prácticas orais formais e informais.

B1.10. Construción de discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativo.

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir

B2.1. Coñecemento e uso de técnicas de análise do contido e de estratexias de lectura comprensiva: esquemas, resumos, etc.

B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos aos intereses do alumnado: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.

B2.3. Comprensión e interpretación, en formato papel e dixital, de textos propios dos medios de comunicación (noticias).

B2.4. Comprensión e interpretación, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.

B2.5. Progresivo uso das bibliotecas e das TIC para seleccionar información.

B2.6. Actitude reflexiva e crítica ante a lectura para identificar usos lingüísticos discriminatorios, manifestar posturas de acordo e desacordo e expor razoadamente as ideas respectando as ideas dos demais.

B2.7. Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función, con posibilidade de usar recursos audiovisuais para o rexistro de voz.

B2.8. Planificación e revisión do escrito en función da situación comunicativa (tema, fins e destinatarios) para elaborar producións con adecuación, coherencia e cohesión.

B2.9. Produción, en formato papel ou dixital, de escritos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.

B2.10. Produción, en formato papel ou dixital, de textos propios dos medios de comunicación (noticias).

B2.11. Produción, en formato papel ou dixital, de textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descrições e explicacións sobre contidos das materias curriculares.

B2.12. Produción e síntese, en formato papel ou dixital, de textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narrativos e descritivos.

B2.13. Uso das TIC (procesadores de texto e correctores ortográficos) tanto para a textualización, como para a revisión e mellora do escrito.

B2.14. Valoración da escritura como fonte de aprendizaxe e como forma de comunicar experiencias, ideas e coñecementos propios.

Bloque 3. Funcionamento da lingua

B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.

- B3.2. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias.
- B3.3. Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta en calquera soporte, especialmente sobre flexión, relación semántica e normativa.
- B3.4. Coñecemento, comparación, uso e valoración das normas que regulan os textos orais e escritos, propios e alleos.
- B3.5. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
- B3.6. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.
- B3.7. Recoñecemento da estrutura de substantivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para a mellora da comprensión e produción textuais.
- B3.8. Recoñecemento, uso e explicación dos nexos e conectores textuais (espaciais, de oposición e contraste) e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos.
- B3.9. Coñecemento dos compoñentes sintácticos no nivel da frase para elaborar enunciados, orais e escritos, cun estilo cohesionado e correcto.
- B3.10. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias de autoavaliación, aceptando o erro como parte do proceso.
- B3.11. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.
- B3.12. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.

Bloque 4. Lingua e sociedade

- B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.
- 4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- 4.3A lusofonía.
- B4.4. Situación sociolingüística do galego.
- B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecemento do xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.
- B4.6. Situación legal das linguas do Estado español.
- B4.7. Prexuízos lingüísticos.
- B4.8. Recoñecemento das variantes diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar, uso normalizado da variante dialectal propia da zona e utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal

Bloque 5. Educación literaria

- B5.1. Lectura, con regularidade e de maneira guiada, de obras literarias para desenvolver o criterio lector; emisión dunha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relación do seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e valoración do uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe.

B5.2. Lectura expresiva e comprensiva e audición de poemas recitados ou cantados; determinación do tema principal, a estrutura xeral e os principais recursos estilísticos.

B5.3. Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves e localización e descrición dos elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.

B5.4. Lectura dramatizada e comprensiva, visionado de pezas teatrais e recoñecemento dos compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.

B5.5. Comparación de textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.

B5.6. Análise de textos literarios, de maneira guiada, identificación dos trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.

B5.7. Produción de textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.

B5.8. Descrición e caracterización dos trazos definatorios básicos da linguaxe cinematográfica.

B5.9. Aproveitamento, baixo guía, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar

B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos medios de comunicación (crónicas, reportaxes e documentais) e elaborar esquemas e resumos.

B1.2. Extraer a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos ámbitos social e educativo.

B1.3. Coñecer e usar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas.

B1.4. Identificar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e interpretar as connotacións e mensaxes discriminatorias implícitas.

B1.5. Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

B1.6. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.

B1.7. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, técnicas e estratexias para realizar exposicións orais planificadas.

B1.8. Participar activamente en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.

B1.9. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situación formais ou informais, de forma individual ou en grupo.

B1.10. Producir discursos breves e comprensibles, nun rexistro neutro, informal ou máis culto, sobre temas da vida cotiá ou educativa.

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir

- B2.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión.
- B2.2. Comprender e interpretar textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.
- B2.3. Comprender e interpretar, en formato papel ou dixital, textos propios dos medios de comunicación (noticias).
- B2.4. Comprender e interpretar en formato papel ou dixital, textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.
- B2.5. Seleccionar a información que se obtén nas bibliotecas, nas TIC e outras fontes e integrar os coñecementos adquiridos non proceso de aprendizaxe continua.
- B2.6. Amosar unha actitude reflexiva e crítica ante a lectura que permita identificar usos lingüísticos discriminatorios e manifestar posturas de acordo ou desacordo e respecto ás mensaxes expresadas.
- B2.7. Ler en voz alta co dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función.
- B2.8. Usar procedementos de planificación e revisión para conseguir a adecuación, coherencia, cohesión e corrección dos contidos nas relacións internas e externas do texto.
- B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.
- B2.10. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos propios dos medios de comunicación a partir dun modelo (noticias)
- B2.11. Producir, en formato papel ou dixital, textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descrições e explicacións sobre contidos das materias curriculares.
- B2.12. Producir e sintetizar, en formato papel ou dixital, textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narracións e descrições.
- B2.13. Usar as TIC para textualizar, revisar e mellorar os escritos: procesadores de texto, programas de presentación e dicionarios electrónicos.
- B2.14. Valorar a escritura como fonte de aprendizaxe e como unha forma de comunicar experiencias, ideas e coñecementos propios.

Bloque 3. Funcionamento da lingua

- B3.1. Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula.
- B3.2. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.
- B3.3. Usar eficazmente os dicionarios ou calquera outra fonte de consulta, en papel ou en soporte electrónico, para resolver dúbidas e para progresar na aprendizaxe autónoma.
- B3.4. Coñecer, usar e valorar as normas que regulan os textos orais e escritos.
- B3.5. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
- B3.6. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión textual.
- B3.7. Recoñecer a estrutura de substantivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para mellorar a comprensión e produción textuais.

B3.8. Recoñecer e usar os nexos textuais de espazo, oposición e contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.

B3.9. Coñecer os compoñentes sintácticos para elaborar enunciados, orais e escritos, cun estilo cohesionado e correcto.

B3.10. Aplicar progresivamente o coñecemento e o uso das estratexias de autoavaliación e a aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe.

B3.11. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.

B3.12. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.

Bloque 4. Lingua e sociedade

B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo. Apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran.

B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega no contorno.

B4.3. Coñecer as principais iniciativas normalizadoras no ámbito educativo, adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.

B4.4. Describir a situación legal das linguas do Estado español.

B4.5. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.

B4.6. Identificar e clasificar as variantes diafásicas do galego, recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega e valorala como variante unificadora, así como apreciar a variante diatópica propia.

Bloque 5. Educación literaria

B5.1. Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expor unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionar o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e valorar o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe.

B5.2. Ler expresiva e comprensivamente e facer audicións de poemas recitados ou cantados, determinar o tema principal, a estrutura xeral e pór de relevo os principais recursos estilísticos.

B5.3. Ler expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localizando e describindo os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.

B5.4. Ler dramatizada e comprensivamente, visionar pezas teatrais e recoñecer os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.

B5.5. Comparar textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.

- B5.6. Analizar textos literarios, de maneira guiada, identificar os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.
- B5.7. Escribir textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.
- B5.8. Describir e caracterizar os trazos definatorios básicos da linguaxe cinematográfica.
- B5.9. Servirse, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes.

4º ESO

CONTIDOS

Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar

- B1.1. Comprensión e interpretación de textos propios dos medios de comunicación audiovisual, con especial atención aos xéneros de carácter argumentativo.
- B1.2. Comprensión e análise de textos publicitarios dos medios de comunicación audiovisual.
- B1.3. Comprensión e interpretación de textos orais expositivos e argumentativos do ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas).
- B1.4. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais de natureza diversa.
- B1.5. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto.
- B1.6. Participación nas producións orais cunha fonética e prosodia correcta, valoración desta pronuncia e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
- B1.7. Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.
- B1.8. Escoita crítica e reflexiva que permite identificar prexuízos e mensaxes discriminatorias.
- B1.9. Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción de textos orais, de técnicas para aprender a falar en público e uso das TIC.
- B1.10. Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas.
- B1.11. Participación activa e argumentada en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.
- B1.12. Participación en interaccións orais sobre temas de interese persoal ou social ou asuntos da vida cotiá, en diferentes rexistros.
- B1.13. Valoración da lingua oral como un instrumento de aprendizaxe e de relación social.

Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir

- B2.1. Uso de técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.
- B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo e comercial.

- B2.3. Comprensión e interpretación de textos relacionados co ámbito educativo, tanto manuais de consulta (diccionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en Internet.
- B2.4. Comprensión e interpretación de textos argumentativos.
- B2.5. Comprensión e interpretación de textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.
- B2.6. Comprensión e interpretación das mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación.
- B2.7. Lectura crítica e reflexiva que permita identificar usos lingüísticos discriminatorios.
- B2.8. Uso autónomo dos recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información complementaria.
- B2.9. Uso de técnicas e estratexias para producir textos escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión).
- B2.10. Utilización das TIC para corrixir e mellorar a presentación dos escritos, para difundir os textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións.
- B2.11. Producción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios da vida cotiá pertencentes ao ámbito laboral, administrativo e comercial.
- B2.12. Producción, en soporte impreso ou dixital, de textos xornalísticos de opinión.
- B2.13. Composición en soporte impreso ou dixital de textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.
- B2.14. Valoración da escritura como un instrumento de aprendizaxe, de relación social e enriquecemento persoal.

Bloque 3. Funcionamento da lingua

- B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático.
- B3.2. Recoñecemento e uso das formas verbais da lingua galega e das perífrases.
- B3.3. Recoñecemento, explicación e uso dos procedementos de creación de palabras.
- B3.4. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias (apertura das vogais de grao medio, o *n* velar ou a entoación).
- B3.5. Uso eficaz dos diccionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestión de uso (semántico e sintáctico) e de normativa.
- B3.6. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
- B3.7. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica.
- B3.8. As principais regras de combinación impostas polos predicados en función dos seus argumentos; estruturas sintácticas e tipos de oración segundo a natureza do predicado.
- B3.9. Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os de causa e consecuencia, os de condición e hipótese e os conclusivos, e mais dos mecanismos de cohesión textual.
- B3.10. Identificación da estrutura dun texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión temáticas en textos alleos e propios, e elaboración de textos de acordo con estes parámetros.
- B3.11. Identificación e explicación dos trazos que permiten diferenciar e clasificar os xéneros textuais, especialmente os argumentativos.

- B3.12. Adecuación dos textos en función do contexto, do tema e do tipo de texto.
- B3.13. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.
- B3.14. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.

Bloque 4. Lingua e sociedade

- B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.
- B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- B4.3. A lusofonía nas linguas do mundo no século XXI.
- B4.4. Situación sociolingüística de Galicia. A presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados. Tendencias de evolución.
- B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecendo o xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso. Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.
- B4.6. Evolución da lingua galega e etapas da historia social da lingua galega desde 1916 ata a actualidade. Análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.
- B4.7. Situación sociolingüística e legal das linguas de España.
- B4.8. Prexuízos lingüísticos.
- B4.9. Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar. Uso normalizado da variante dialectal propia da zona. Utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal.

Bloque 5. Educación literaria

- B5.1. Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.
- B5.2. Selección, lectura autónoma e comentario de obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade.
- B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensáísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.
- B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos literarios representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.
- B5.5. Consulta de fontes de información variadas e de recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.
- B5.6. Creación ou recreación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar

B1.1. Identificar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, a tese e os argumentos de textos propios dos medios de comunicación audiovisual.

B1.2. Comprender e analizar textos expositivos e publicitarios, diferenciar neles información, opinión e persuasión.

B1.3. Comprender e interpretar textos orais expositivos e argumentativos utilizados no ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas).

B1.4. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais.

B1.5. Coñecer, usar e valorar a adecuación, a coherencia, a cohesión e a claridade expositiva, así como normas de cortesía nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas.

B1.6. Participar oralmente cunha fonética e prosodia correcta, valorar esta pronuncia e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.

B1.8. Manifestar unha actitude crítica e reflexiva que permite identificar prexuízos e mensaxes discriminatorias.

B1.9. Realizar exposicións orais planificadas e claras de traballos e de informacións de actualidade, coa axuda das TIC.

B1.10. Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer en exposicións orais propias e alleas as dificultades expresivas.

B1.11. Participar activa e argumentadamente en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.

B1.12. Participar en interaccións sobre temas de interese persoal, ou social ou asuntos da vida cotiá, nun rexistro formal, neutro ou informal.

B1.13. Valorar a lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe e nas relacións sociais.

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir

B2.1. Empregar estratexias e técnicas que faciliten a lectura comprensiva e crítica dos textos.

B2.2. Comprender e interpretar textos escritos propios da vida cotiá pertencentes ao ámbito laboral, administrativo e comercial.

B2.3. Comprender e interpretar textos relacionados co ámbito educativo, tanto manuais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en Internet.

B2.4. Comprender e interpretar textos argumentativos.

B2.5. Comprender e interpretar textos xornalísticos de opinión: editorial, columna, artigo de opinión...

B2.6. Comprender e interpretar as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación.

B2.7. Identificar os usos lingüísticos que conteñan prexuízos ou mensaxes discriminatorias.

B2.8. Usar e seleccionar materiais de consulta das bibliotecas e doutras fontes de información impresa ou en formato dixital.

B2.9. Empregar estratexias e técnicas axeitadas para producir escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión).

B2.10. Empregar as TIC para corrixir e mellorar a presentación dos escritos, para difundir os textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións.

B2.11. Producir, respectando as súas características formais e de contido, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos, tanto en formato papel como dixital: laborais, administrativos e comerciais.

B2.12. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos xornalísticos de opinión.

B2.13. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.

B2.14. Valorar a escritura como un instrumento moi útil na aprendizaxe, nas relacións sociais e no desenvolvemento do individuo.

Bloque 3. Funcionamento da lingua

B3.1. Recoñecer e explicar os valores de léxico preciso de diferentes categorías gramaticais, así como da fraseoloxía.

B3.2. Recoñecer e usar correctamente as formas verbais e as perífrases verbais da lingua galega.

B3.3. Recoñecer e explicar os procedementos de creación de palabras, os valores dos morfemas e as súas posibilidades combinatorias para crear novos termos e identificar a súa procedencia grega ou latina.

B3.4. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.

B3.5. Usar eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, para resolver dúbidas, para progresar na aprendizaxe autónoma e para enriquecer o propio vocabulario.

B3.6. Aplica e valora as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.

B3.7. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica.

B3.8. Recoñecer e usar enunciados e oracións, identificando as principais regras de combinación impostas polos verbos.

B3.9. Recoñecer, explicar e usar os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e os conclusivos, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.

B3.10. Identifica adecuadamente en textos alleos e propios a estrutura, a construción e xustificación dos parágrafos, a vinculación e progresión temáticas, e elabora textos de acordo con estes parámetros.

B3.11. Identificar e explicar os trazos que permiten diferenciar e clasificar os xéneros textuais, especialmente os argumentativos.

B3.12. Xustificar a adecuación dos textos, en función do contexto, do tema e do xénero e elaborar producións propias cunha adecuación apropiada.

B3.13. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.

B3.14. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.

Bloque 4. Lingua e sociedade

B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo, apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer e describir o papel da lusofonía nas linguas do mundo no século XXI.

B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados así como ás tendencias de evolución. LGB4.2.1. Coñece e describe a lexislación estatal e autonómica básica en materia lingüística.

B4.3. Identificar os elementos do proceso normalizador e adquirir vínculos positivos cara ao seu uso asumindo a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.

B4.4. Recoñecer os principais elementos de evolución da lingua galega, así como identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da súa historia social, e sinalar as distintas etapas desde 1916.

B4.5. Describir a situación sociolingüística e legal das linguas de España.

B4.6. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.

B4.7. Recoñecer e valorar os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar.

Bloque 5. Educación literaria

B5.1. Identificar e comprender os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.

B5.2. Seleccionar, ler autonomamente e comentar obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade e relaciona o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.

B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.

B5.4. Elaborar traballos individuais ou en grupo nos que se describan e analicen textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.

B5.5. Consultar fontes de información variadas e recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.

B5.6. Crear ou recrear textos de intención literaria partindo das características dos traballos na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.

5.CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

2º ESO: Anexo I

4º ESO: Anexo II

6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

- a) Pártese do nivel de desenvolvemento do alumno, nos seus distintos aspectos, para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes que favorezan e melloren o devandito nivel de desenvolvemento.
- b) Sublíñase a necesidade de darlle pulo ó desenvolvemento de capacidades xerais e de competencias básicas e específicas por medio do traballo das materias.
- c) Dáselle prioridade á comprensión dos contidos que se traballan fronte á súa aprendizaxe mecánica.
- d) Propíciense oportunidades para pór en práctica os novos coñecementos, de xeito que o alumnado poida amosar o seu interese e a utilidade do aprendido.
- e) Foméntase a reflexión persoal sobre o realizado e a elaboración de conclusións verbais do que se aprendeu, de modo que o alumnado poida analizar o seu progreso respecto dos seus coñecementos.
- f) Fomentarase a participación na aula para pór en práctica o aprendido.
- g) Intentarase que os alumnos e as alumnas relacionen os contidos desta materia cos doutras do currículo e á inversa.
- h) Dunha grande variedade de actividades despréndese que as situacións de aprendizaxe deben ser tamén, por forza, variadas. Manexaremos os diferentes agrupamentos dos alumnos en función das distintas necesidades, así: o ‘gran grupo’ para a realización de actividades audiovisuais e verbais (para compartir e contrastar opinións e aclarar conceptos); o ‘pequeno grupo’ ou ‘equipo de traballo’ para a participación persoal e o traballo cooperativo; e o ‘suxeito individual’ para a dinámica de reflexión, asimilación crítica e ritmo adecuado ás características persoais. Polo que respecta ao método de traballo tampouco desbotamos ningunha opción e cada profesora deberá decantarse, probablemente, por métodos diferentes en función das distintas necesidades educativas que se presenten.

Todos estes principios teñen como finalidade que o alumnado sexa, gradualmente, capaz de aprender de xeito autónomo.

7.MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Tendo en conta a metodoloxía que empregaremos, os materiais empregados deben ser tamén necesariamente variados. A nivel xeral, e sen prexuízo de utilizar outros de xeito máis asistemático en momentos concretos, utilizaremos os seguintes materiais:

- Exemplares do antigo libro de texto:
Lingua galega e literatura 2º ESO da editorial Santillana.
Lingua galega e literatura 4º ESO da editorial Santillana.
- Ordenador do profesorado, encerado dixital interactivo e proxector na aula.
- Recursos dixitais: xa está implantado no centro a plataforma Edixgal en todos os cursos, polo que o alumnado poderá traballar desde o seu ordenador portátil cos materiais dixitais do programa e os que inclúa cada docente cando fose preciso.
- Basearemos parte da actividade docente nas TIC: vídeos, audicións, páxinas webs, música, xogos de lingua, tests, textos xornalísticos, etc.
- Material elaborado polas propias docentes, en papel ou soporte dixital, referente a aspectos concretos de ortografía, morfoloxía, léxico, literatura, sociolingüística ou calquera outra necesidade específica que se detecte.
- Aplicacións dixitais como canva, genially, etc.
- O correo electrónico.
- O caderno do alumnado.
- O caderno de rexistro de actividade docente.
- Libros de lectura obrigatoria.

Non se abusará de exposicións maxistras cheas de datos e conceptos aburridos para os escolares e de escasa utilidade pedagóxica, xa que a docente pasará a ser unha xestora de coñecemento e o alumnado adquirirá un maior grao de protagonismo, fomentarse pois a “aprendizaxe por descubrimento” e animarase á lectura facilitándolles aos alumnos e ás alumnas información sobre as novidades editoriais que se vaian producindo ao longo do curso.

8.CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Segundo a LOMLOE, a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria será continua, formativa e integradora e deberá contar cunha gran diversidade de instrumentos de avaliación adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado.

No contexto do proceso de avaliación **continua**, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición do nivel competencial necesario para continuar o proceso educativo.

A avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter **formativo** e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. Nese sentido, o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser **integradora** e deberán terse en conta como referentes últimos, desde todas e cada unha das materias, a consecución dos obxectivos establecidos e o grao de adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída.

A continuación expoñemos algúns dos instrumentos de avaliación que se empregarán no proceso de ensino e aprendizaxe:

- Probas escritas que incluírán contidos mínimos impartidos con anterioridade ao longo do curso. Realizaranse como mínimo dúas probas por trimestre.
- Emprego do galego como lingua vehicular para dirixirse ao profesorado e aos compañeiros e compañeiras nas clases de Lingua Galega.
- Exposicións orais durante a clase.
- Será obxecto de especial atención a práctica ortográfica, a presentación, a coherencia, a cohesión e a adecuación dos textos do alumnado, que se avaliará en todas as probas escritas e no caderno de aula.
- Observación sistemática da participación, actitude e traballo diario na aula rexistrada no caderno do profesorado.
- Caderno de clase do alumno ou da alumna.
- Terase en conta a realización de actividades e redaccións encomendadas ao alumnado, e que sexan entregadas ou realizadas dentro do prazo fixado pola profesora.
- Avaliarase a lectura comprensiva de textos como ferramenta imprescindible en todo o proceso de ensino e aprendizaxe. Para iso empregaranse diferentes procedementos de avaliación: desde a lectura en voz alta, vocalizando e entoando correctamente, ata probas escritas, resumos ou actividades de reflexión e comprensión do lido. Con esta finalidade propóñense unha serie de lecturas complementarias (unha por trimestre) adecuadas ás súas capacidades e idade, que se controlarán de xeito oral ou escrito, e coas que se pretende que os alumnos e as alumnas desenvolvan o gusto e o interese pola lectura.
- Participación activa nas actividades de dinamización da lingua galega.

2º ESO

Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación das avaliacións parciais desenvolveranse da seguinte maneira:

a) Proba escrita: comprensión e asimilación de contidos - 70%

-Realizaranse, como mínimo, dúas probas escritas por trimestre. Ditas probas incluírán contidos mínimos impartidos con anterioridade ao longo do curso. A cualificación destas probas terá en conta, ademais dos coñecementos conceptuais, a expresión escrita, a coherencia, a gramaticalidade e a corrección ortográfica na valoración das respostas do alumnado. Para superar as probas hai que obter un mínimo de 5 puntos sobre 10.

Se un estudante non se presenta a unha proba escrita sen achegar unha xustificación en debido prazo e forma, a docente realizaralle dita proba ao día seguinte de clase despois da ausencia, ou valorará a pertinencia de realizarlla nunha data que será fixada por ela.

b) Actitude na aula, nivel de progreso e traballo na casa - 10%

- Actitude na aula: interese, atención mantida, esforzo, participación, realización de tarefas.
- Traballo na casa: realización de tarefas, estudo e presentación da libreta.
- Valoración de actividades: exercicios, apuntamentos, resumos, esquemas, comentarios de textos, presentación de traballos.
- Respecto polas normas (profesorado, compañeiros, e compañeiras, materiais, puntualidade, asistencia a clase).
- Traballo en equipo.
- Participación activa nas campañas de fomento de lectura e concursos literarios de promoción da nosa lingua.

A entrega fóra de prazo dos traballos, redaccións, tarefas, etc. suporá un desconto de ata o 50% neste apartado. En caso de que se detecte que o traballo non é elaboración persoal do alumnado, será cualificado con 0 puntos.

c) Expresión oral - 10%

-Emprego da lingua galega como lingua vehicular para dirixirse á profesora e aos compañeiros e compañeiras nas clases de lingua galega, nas intervencións orais e nas exposicións orais de traballos.

d) Lecturas obrigatorias - 10%

- Lectura de un libro obrigatorio por trimestre. Esta lectura poderá ser avaliada, ben oralmente, ben por escrito, atendendo ás necesidades e prioridades que existan dentro da dinámica de cada grupo, ou ben do alumno ou da alumna en concreto.

Observacións:

-A cualificación trimestral corresponderá á suma das notas dos apartados anteriores, sempre e cando se supere o 45% de media nas probas escritas (apartado a), de non ser así suspenderase a materia. Evidentemente, para aprobar a materia débese obter unha cualificación igual ou superior ao 5 na nota final de cada avaliación.

-As faltas de ortografía, tiles diacríticos, erros graves de acentuación (-0,10 décimas por faltas) e redacción deficiente poderán diminuír a nota de cada proba escrita ata un máximo de 1 punto.

Criterios de recuperación

- En 2º ESO a avaliación será **continua e progresiva** no sentido de que en cada trimestre o alumnado terá a posibilidade de superar contidos pendentes de avaliacións anteriores. Deste xeito, no caso de que se acade unha nota igual ou superior ao 5 no último trimestre, considerarase aprobada a materia. Isto quere dicir que non se realizarán probas de recuperación das avaliacións por separado.

-En todo caso, tendo en conta a *ORDE do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*, o alumnado que non supere a materia por avaliación continua e progresiva terá a posibilidade de presentarse a unha proba escrita obxectiva de recuperación antes de que se celebre a sesión conxunta da terceira avaliación parcial e da avaliación final. Para superar a materia deberase obter unha nota igual ou superior a cinco puntos en dita proba.

4º ESO

Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación das avaliacións parciais desenvolveranse da seguinte maneira:

a) Proba escrita: comprensión e asimilación de contidos - 70%

-Realizaranse, como mínimo, dúas probas escritas por trimestre. Ditas probas incluírán contidos mínimos impartidos con anterioridade ao longo do curso. A cualificación destas probas terá en conta, ademais dos coñecementos conceptuais, a expresión escrita, a coherencia, a gramaticalidade e a corrección ortográfica na valoración das respostas do alumnado. Estas probas suporán o **70%** da nota e en cada unha delas deberá obterse un mínimo de 3 puntos sobre 10 para realizar a media.

Se un estudante non se presenta a unha proba escrita sen achegar unha xustificación en debido prazo e forma, a docente realizaralle dita proba ao día seguinte de clase despois da ausencia, ou valorará a pertinencia de realizarlla nunha data que será fixada por ela.

b) Actitude na aula, nivel de progreso e traballo na casa - 10%

- Actitude na aula: interese, atención mantida, esforzo, participación, realización de tarefas.
- Traballo na casa: realización de tarefas, estudo e presentación da libreta.
- Valoración de actividades: exercicios, apuntamentos, resumos, esquemas, comentarios de textos, presentación de traballos.
- Respecto polas normas (profesorado, compañeiros, e compañeiras, materiais, puntualidade, faltas de asistencia).
- Traballo en equipo.
- Participación activa nas campañas de fomento de lectura e concursos literarios de promoción da nosa lingua.

A entrega fóra de prazo dos traballos, redaccións, tarefas,etc. suporá un desconto de ata o 50% neste apartado. En caso de que se detecte que o traballo non é elaboración persoal do alumnado, será cualificado con 0 puntos.

c) Expresión oral - 10%

- Emprego da lingua galega como lingua vehicular para dirixirse ao profesorado e aos compañeiros e compañeiras nas clases de lingua galega, nas intervencións orais e nas exposicións orais de traballos.

d) Lecturas obrigatorias - 10%

- Lectura de un libro obrigatorio por trimestre. Esta lectura poderá ser avaliada, ben oralmente, ben por escrito, atendendo ás necesidades e prioridades que existan dentro da dinámica de cada grupo, ou ben do alumno ou da alumna en concreto.

Observacións:

-A cualificación trimestral corresponderá á suma das notas dos apartados anteriores, sempre e cando se supere o 45% de media nas probas escritas (apartado a), de non ser así suspenderase a materia. Evidentemente, para aprobar a materia débese obter unha cualificación igual ou superior ao 5 na nota final de cada avaliación.

-As faltas de ortografía, tiles diacríticos, erros graves de acentuación (-0,10 por falta) e redacción deficiente poderán diminuír a nota de cada proba escrita ata un máximo de 1,5 puntos.

-A nota da avaliación final obtense da media aritmética das notas dos tres trimestres e/ou, no seu caso, das probas de recuperación, tendo en conta que para superar a materia débense ter aprobadas as tres avaliacións.

Criterios de recuperación

-Realizarase unha proba escrita de recuperación da materia despois de cada trimestre. O aprobado só se acadará no caso de obter unha nota igual ou superior a cinco puntos en dita proba.

-O alumnado que non teña superada a materia a través das tres avaliacións parciais deberá presentarse a unha PROBA FINAL no mes de xuño que ben pode ser parcial (para quen non teña aprobada unha ou dúas avaliacións) ou total (para quen teña suspenso todo o curso). Claro está que para acadar o aprobado deberase obter unha nota igual ou superior a cinco puntos nesa proba.

Segundo a ORDE do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, a sesión da terceira avaliación parcial de educación secundaria deberá coincidir coa sesión da avaliación final.

9.INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Para avaliar o proceso de ensino e a nosa práctica docente teremos en conta os indicadores de logro que se relacionan a continuación. Agrupámoslos en catro categorías que resumen os aspectos que consideramos máis significativos da nosa práctica docente:

1.PLANIFICACIÓN

- 1.1.Programamos a materia tendo en conta os obxectivos, criterios de avaliación e contidos.
- 1.2.Planificamos as clases de modo flexible deseñando distintas actividades de aprendizaxe en función dos obxectivos e das necesidades do alumnado.
- 1.3.Organizamos adecuadamente o tempo da clase en función das actividades a realizar.
- 1.4.Coordinámonos entre os integrantes do departamento e tamén co resto do profesorado do centro para o tratamento de contidos afíns ou proxectos conxuntos.

2.METODOLOXÍA

- 2.1.Desenvolvemos os contidos de forma ordenada e comprensible para o alumnado.
- 2.2.Conseguimos motivar o alumnado para favorecer a aprendizaxe e a participación activa na aula.
- 2.3.Propoñemos actividades que favorezan a aprendizaxe autónoma.
- 2.4.Promovemos o traballo cooperativo e mantemos unha comunicación fluída co alumnado.
- 2.5.Incorporamos as TIC nos procesos de ensino-aprendizaxe.

3.ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- 3.1.Organizamos tarefas e propoñemos logros diferentes en función das características do alumnado.
- 3.2.Propoñemos actividades de maior nivel para o alumnado que acadou os obxectivos en profundidade.

- 3.3.Mantemos contacto coas familias, directamente ou a través da titoría, co obxectivo de contar co seu apoio e implicación.
- 3.4.Atendemos axeitadamente á diversidade do alumnado.
- 3.5.Adaptamos as probas escritas para o alumnado con necesidades educativas especiais.

4.SEGUIENTO E AVALIACIÓN

- 4.1.Realizamos a avaliación inicial para axustar a programación ao nivel do alumnado.
- 4.2.Informamos adecuadamente ao alumnado sobre os criterios de avaliación e cualificación.
- 4.3.Valoramos axeitadamente a observación do traballo e da participación e actitude do alumnado na aula.
- 4.4.Valoramos adecuadamente o traballo cooperativo do alumnado dentro do grupo.
- 4.5.Explicamos e corriximos os traballos e actividades do alumnado ofrecendo pautas para mellorar a súa aprendizaxe.
- 4.6.Empregamos distintos tipos de probas e instrumentos de avaliación.
- 4.7.Favorecemos os procesos de autoavaliación e coavaliación.

Ao final de curso recolleremos os resultados e analizarémolos para detectar as nosas fortalezas e debilidades. O obxectivo será introducir propostas de mellora no noso labor docente que queden reflectidas na programación do curso seguinte.

10.ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

O alumnado que teña a materia de Lingua Galega e Literatura pendente terá un seguimento especial por parte da profesora que imparta clase no curso no que se atopa actualmente. Será moi importante facer este seguimento xa que o estudo dunha lingua é algo continuo e progresivo e se o alumno ou a alumna amosa no curso actual unha boa predisposición e actitude cara ao traballo, tentando levar os contidos ao día, terá unha parte importante do traballo feito.

Está claro que un estudante coa materia pendente do curso anterior terá moitas dificultades para poder seguir o normal desenvolvemento da clase, e para iso facilitaráselle periodicamente unhas fichas de reforzo con contidos do curso que teña pendente para que as traballe na casa (a elaboración destas fichas tamén lle vai axudar a poder levar mellor o curso no que se atopa, xa que moitos dos contidos que se traballen nelas serán a base para asentarmellor os contidos do presente curso). Estes boletíns serán recollidos periodicamente pola profesora correspondente, que os corrixirá e comentará co alumno ou alumna.

A realización destas fichas por parte do alumnado, así como o traballo continuado ao longo do curso, será parte importante da nota á hora de avaliar a materia pendente. No caso de que o profesorado o considere necesario, tamén se lle ofrecerá a posibilidade de realizar probas escritas ao longo do curso para así facilitar o estudo da materia.

Criterios para superar a materia pendente:

O alumnado poderá superar a materia a través da realización das actividades, non tendo que realizar a proba escrita final do mes de xuño, sempre e cando:

- Entregue todas as actividades propostas ben feitas (calquera dúbida será resolta polas profesoras do departamento), con corrección e limpeza.
- Entregue as actividades no prazo esixido.
- Supere aquelas probas parciais que o departamento crea convenientes facer para a demostración dos coñecementos teóricos e prácticos.
- Amose interese e pregunte á súa profesora as dúbidas teóricas ou prácticas.

Alén do anterior, tamén se considerará recuperada a materia do curso precedente cando o alumno ou alumna obteña unha cualificación positiva, isto é, un aprobado, nas dúas primeiras avaliacións do curso actual.

O alumnado que non supere a materia despois de ter realizadas as tres avaliacións parciais deberá presentarse, na data que se estableza, á **proba escrita final** do mes de xuño. O departamento informará sobre as condicións xerais dese exame, que será valorado segundo os criterios establecidos na programación xeral.

11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial realízase mediante unha serie de probas para medir o nivel de lectoescritura, comprensión e expresión e coñecementos previos que posúe o alumnado ao iniciar o curso. Os resultados contrástanse cos informes que posúe o Departamento de Orientación e coa reunión de avaliación inicial de todo o profesorado que imparte clase no curso correspondente para detectar tanto alumnos e alumnas con desfase curricular grave como alumnos e alumnas con altas capacidades, e así poder adoptar as medidas de atención á diversidade máis convenientes en cada caso.

Nas primeiras semanas do curso pasarase ao alumnado unha proba escrita para observar en que medida conseguiu os obxectivos da materia na etapa anterior. A partir de aí, se é necesario, realizaranse os axustes oportunos.

A proba escrita debe servir para medir o nivel de coñecemento e competencias, polo tanto terá que incidir nos aspectos máis significativos dos obxectivos do curso anterior. Constará dos seguintes apartados:

-Textos e exercicios que permitan valorar a comprensión (comentario dirixido) e expresión (redación) escrita.

-Preguntas e actividades que avalíen os seus coñecementos lingüísticos e literarios, así como a súa capacidade para a aplicación práctica (vocabulario, aplicación das normas ortográficas, morfolóxicas e sintácticas, coordinación, adecuación, coherencia, cohesión,etc.).

A proba escrita complementarase na aula con exercicios de lectura e intervencións orais que permitan á docente determinar o nivel de comprensión e expresión oral.

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A nosa programación pretende presentar a suficiente flexibilidade para poder ser adaptada á situación concreta que se presente na aula e aspira a dar resposta á complexidade e diversidade de intereses, coñecementos, niveis de desenvolvemento psicolóxico e afectivo que conviven en cada grupo de alumnos e alumnas. Así pois, realizaremos ao principio do curso unha avaliación inicial en cada grupo co obxectivo de coñecer o nivel de competencia curricular do alumnado a nivel individual e como grupo e establecer o punto de partida preciso, así como os itinerarios de ensino e aprendizaxe máis adecuados en cada caso, aínda que non coincidan exactamente co programado sobre o papel. Isto poderá producir que dentro dun mesmo grupo a profesora deba atender a estudantes con distintos niveis de coñecementos, capacidades e intereses, para os que deberá deseñar outros tantos itinerarios de ensino-aprendizaxe, incluso por debaixo (ou por riba) do programado para o seu grupo de referencia. En casos especiais podería, incluso, estudarse a posibilidade de recomendar un reforzo educativo con apoio da profesora de Pedagogía Terapéutica ou, se cumprir, unha adaptación curricular. Estas decisións sempre se tomarán en coordinación co Departamento de Orientación e co resto do profesorado que imparte clase, unha vez realizadas as xuntanzas de avaliación inicial.

O noso papel convértese no dun mediador cultural que, nun proceso de interacción educativa, promove a actividade intelectual do alumnado e o desenvolvemento das súas capacidades coa función de axudarlle e dirixir a súa aprendizaxe segundo unhas intencións educativas, axustando ou sintonizando estas intencións e axudas ao nivel que poida ser adecuado para cada un dos alumnos e das alumnas. Neste contexto resulta necesario atender non só a aspectos intelectuais senón tamén a cuestións de motivación e afectivas. Por iso faremos un esforzo especial por crear un clima de confianza e comunicación en cada grupo de alumnos e alumnas. Este clima de respecto e confianza é fundamental para desenvolver no alumnado capacidades afectivas, de relación interpersoal e de inserción e participación social. Insistiremos, pois, en propiciar situacións de traballo en equipo e ensinanza titorizada entre compañeiros e compañeiras como recurso educativo. Ofreceranse actividades complementarias adaptadas e de apoio para os novos contidos que se vaian traballando. Cada unha destas actividades revisará un dos coñecementos ou unha das destrezas traballadas e servirán como tarefas de reforzo ou de ampliación dun contido concreto para os alumnos e alumnas que o necesiten.

Tamén contaremos con recursos didácticos máis motivadores, onde se ofrecerán actividades relacionadas co estudado pero que requiren máis tempo para seren solucionadas e que van dirixidas a desenvolver nos estudantes as competencias básicas. Terase en conta o emprego de tempos diferenciados e máis flexibles para a realización das tarefas, así como a adaptación dos instrumentos de avaliación.

Os materiais empregados deben ser necesariamente variados (libro de texto, vídeos, presentacións en canva, textos e exercicios en papel ou en soporte dixital...) e terán como característica xeral ofrecer unha visión completa do uso da lingua en todos os ámbitos e atender á diversidade que presente o alumnado.

Estas medidas de atención á diversidade estarán sempre encamiñadas ao logro das competencias básicas e dos obxectivos da materia e, como xa dixemos, serán de carácter flexible.

Na ESO temos rapaces e rapazas con diferentes necesidades específicas de apoio educativo (NEAE). En función desas necesidades elaboraranse para estes alumnos e alumnas plans de reforzo individualizado en colaboración co Departamento de Orientación, tomando como punto de partida os informes individualizados do curso anterior así como a avaliación inicial.

O **alumnado repetidor** será tido en conta na práctica docente. Manterase unha especial atención sobre el desde distintas perspectivas:

- Comprobarase o seu nivel de coñecementos adquiridos durante o curso anterior a través de probas e preguntas directas.
- Dependendo do seu nivel de coñecementos, proñoñeránselle actividades de reforzo axustadas a cada un.
- Intentaremos situalo na aula no lugar máis apropiado para o seu control.
- Manterase certa atención á súa actitude para motivalo e facerlle atractiva a materia, tendo en conta os seus coñecementos previos e reforzando as actitudes de esforzo en todo momento.
- Daráselle unha atención máis personalizada na aula, detectando os seus erros e orientándoo.
- Se non avanza na materia ou non traballa, informarase ao seu titor ou á súa titora e ao equipo de Orientación.
- Informarase á familia dos seus avances e, sobre todo, da falta de traballo na aula a través do titor ou da titora nas sesións de avaliación ou cando se considere preciso.

13. FOMENTO DA LECTURA E DAS TIC

O fomento da lectura, como fonte de pracer e de formación, queda tratado nos apartados dedicados aos contidos que se van tratar en cada curso.

Está claro que dentro da área de Lingua e Literatura Galega o tratamento da lectura é indispensable para favorecer a capacidade comprensiva e expresiva do alumnado. Ademais das lecturas de obras de autores clásicos e actuais que deben realizar ao longo do curso, tamén cada unidade do libro de texto ten un apartado dedicado á lectura de textos de diferente tipoloxía e ao traballo sobre a comprensión dese texto. Ao mesmo tempo, no apartado dedicado ao estudo da literatura é primordial a lectura e a interpretación de textos literarios representativos dos diferentes autores e das diferentes etapas literarias.

A incorporación ao estudo da materia de Lingua e Literatura Galega do importante papel que os medios de comunicación teñen na sociedade actual aporta novas técnicas de traballo (uso de internet, uso de CDs, uso de correctores informáticos...) que veñen sumarse ás estratexias tradicionais.

En canto ao tratamento da información dixital e a súa relación coa Lingua Galega e Literatura ten dúas dimensións complementarias: dunha banda, cómpre aprender a utilizar unha serie de ferramentas que hoxe en día se presentan en soportes variados e que lles permitirán ás alumnas e aos alumnos mellorar as súas habilidades e obter información verbo

da área que nos ocupa, desde as máis estritamente lingüísticas, como dicionarios, correctores ortográficos, procesadores de textos, etc., ata as relacionadas coa materia dun xeito menos exclusivo (enciclopedias, xornais dixitais, etc.), pasando por outras de corte literario (bibliotecas virtuais, catálogos de publicacións, etc.). Doutra banda, a lingua mesma é unha ferramenta coa que os cidadáns e cidadás nos enfrontamos á crecente cantidade de información de que se dispón. Con ela podemos e debemos seleccionar, analizar criticamente, organizar, relacionar e sintetizar esa información co fin de transformala en coñecemento.

14. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

A educación ten como fin primordial o pleno desenvolvemento do alumnado, é dicir, a súa formación integral como ser humano no plano cognitivo, físico, corporal, social, psicolóxico e afectivo, ético e moral. Así, alén dos aspectos estritamente académicos (formación cultural), cómpre tratarmos os directamente relacionados co ser (físico e moral) e co ser no mundo e na sociedade (formación cívico-ética), que deben transmitirse de maneira organizada en cada etapa. Respecto aos temas transversais consideramos que, como norma xeral, non deberían ter un tratamento específico, senón unha integración nas diversas actividades tanto no plano da comprensión como da expresión. Por outro lado, non deixaremos de aproveitar toda discusión que xurda espontaneamente sobre estes temas; antes ben, trataremos de alentar e incentivar calquera debate, polémica ou análise que se produza sobre as drogas, o sexo, a violencia, o racismo, o sexismo, a contaminación, o consumismo, a seguridade viaria, etc. Agora ben, coidamos que non está de máis establecer uns obxectivos relativos aos principais temas transversais en cada curso. Procuraremos integrar estes obxectivos no proceso didáctico da nosa materia creando, cando for preciso, situacións específicas de aprendizaxe ou contextualizando desde a perspectiva dun tema transversal. Por suposto, estes temas serán tratados desde a perspectiva da nosa materia, pois supoñemos que, englobados nun marco máis xeral de interdisciplinidade, eses mesmos temas serán abordados noutras disciplinas desde outras perspectivas diferentes.

Por unha banda atopamos que, segundo o RD 1105/2014, hai dous elementos transversais, **Comprensión lectora e Expresión oral e escrita** que forman parte inherente da materia de Lingua galega e literatura. Aínda é máis, os bloques 1 e 2 do currículo oficial da materia coinciden co epígrafe definido nos mencionados elementos transversais, de xeito que ambos son traballados como parte integrante do propio programa de Lingua e Literatura Galega.

No tocante aos elementos transversais **Comunicación audiovisual e Tecnoloxías da información e a comunicación**, e como centro participante no proxecto E-Dixgal, posúen un peso específico no enfoque de todas as materias do centro.

Por último, e para o tratamento dos elementos transversais referidos á **Educación cívica e constitucional** aproveitamos a programación específica establecida no calendario escolar e que establece unha serie de datas relevantes relacionadas coa educación en valores que efectivamente trataremos nas clases:

-Valores de liberdade, xustiza, igualdade, respecto, rexeitamento do terrorismo. Respecto pola autonomía dos demais e fomento do diálogo para solucionar diferenzas. *Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. Día de Europa. Conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia. Semana das Letras Galegas.*

-Prevenición e resolución pacífica de conflitos: educación para a paz e a non-violencia. Defensa da paz mediante o coñecemento de persoas e institucións significativas e solución dialogada de conflitos. *Día da paz .*

-Actividade física e dieta equilibrada. Coñecemento progresivo do corpo, anomalías e enfermidades, e desenvolvemento de hábitos de saúde. *Día Mundial da Saúde .*

-Educación para a igualdade entre homes e mulleres . Prevenición da violencia de xénero e contra as persoas con discapacidade. Desenvolvemento da autoestima e da concepción do propio corpo como expresión da personalidade. Análise crítica da realidade e corrección de xuízos sexistas consolidando hábitos non discriminatorios. *Día Internacional da Muller Traballadora. Día contra a violencia de xénero.*

-Desenvolvemento sostible e protección do medio ambiente. Reflexión e compromiso sobre os principais problemas ambientais. *Día Mundial do Ambiente.* Educación para o consumidor. Adquisición de conciencia crítica ante os efectos do consumo. Coñecemento dos mecanismos do mercado e dos dereitos do consumidor. *Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.*

-Educación viaria. Desenvolvemento de hábitos de respecto polas normas de circulación, actitudes de prevención e comportamento responsable nas vías públicas.

-Protección ante situacións de emerxencia e catástrofes. Este elemento, por tradición do centro, trabállase especificamente desde as titorías; non obstante, e en coordinación cos titores de primeiro curso, coincidindo co tratamento que eles realicen, incidiremos desde as clases de galego na importancia da autoprotección, individual e colectiva, e na preparación e importancia dos simulacros de emerxencia que periodicamente se planifican no instituto.

15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

O Departamento de Lingua e Literatura Galega, normalmente, elabora o seu plan de actividades complementarias e extraescolares en colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e co Equipo de Biblioteca.

Non facemos aquí, para sermos exactos, unha auténtica previsión deste tipo de actividades para o presente curso, senón que expoñemos unha lista de actividades coa pretensión de levar a cabo aquelas que o calendario escolar nos permita ao longo do curso, así como a dispoñibilidade económica do noso departamento:

- Celebración do SAMAIÑ.
- Certame de Microrrelatos de Medo.
- Concurso de esopías, en colaboración co Departamento de Matemáticas.
- Commemoración do Día de Rosalía de Castro: interpretacións musicais en vivo de textos da autora; exposicións plástico-poéticas dunha selección previa de poemas realizada polo propio alumnado e proxección de vídeos.
- Asistencia a aquelas representacións teatrais de interese, sobre todo se se tratase de obras relevantes da nosa literatura ou que fagan alusión a obras, autores ou feitos literarios.
- Saídas didácticas para visitar lugares ou institucións directamente relacionados co noso currículo:

- Casas-museo de Rosalía de Castro ou Otero Pedrayo.
- Museo de Pontevedra e roteiro Castela.
- Museo do Pobo Galego.
- O Rosal: muíños do Picón e do Folón.
- A Guarda: castro e mirador de Santa Trega.
- Celanova: actividades sobre Curros Enríquez e Celso Emilio Ferreiro.

- Colaboración en proxectos multidisciplinares como saídas a contornos de interese natural, histórico-artístico e/ou sociocultural:

- A Serra do Courel.
- Viaxe ao Concello de Vila de Cruces e visita de lugares como o Pazo de Oca, a casa museo de Neira Vilas, os mosteiros de Camanzo e Carboeiro, a casa museo de A Solaina, a fervenza do Toxa.

A nosa colaboración pode comprender variadas facetas: traballo con léxico específico, estudo das variantes dialectais, traballo sociolingüístico, recollida de material lingüístico e literario de carácter popular, estudo dos escritores e das escritoras máis relevantes da zona e outras referencias literarias, etc.

- Organización de conferencias ou calquera outro tipo de relatorios sobre temas relacionados co noso currículo, especialmente na *Semana das Letras Galegas*.

- Organización de actividades de contacontos e, en xeral, calquera tipo de actividades de animación á lectura, en colaboración co Equipo de Biblioteca.

- Actividades de libro-fórum, coa presenza, se fose posible, dalgún escritor ou dalgunha escritora dos incluídos nas nosas listas de lectura (mediante a colaboración dalgunha editorial).

- Celebración das festas tradicionais (Magosto, Nadal, Entroido, etc.) e actividades relacionadas con elas.

-Colaboración na organización de exposicións relacionadas coa nosa cultura, etnografía, lingua, literatura, etc.

16.MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Co fin de observar o grao de cumprimento da presente programación ao longo do curso, o Departamento de Lingua e Literatura Galega manterá reunións mensuais nas que se analizarán aspectos tales como:

- Séguese a secuenciación dos contidos fixada?
- Vanse cumprindo os obxectivos propostos?
- Respéctanse as pautas metodolóxicas?
- Resultados das avaliacións trimestrais.

Finalizado o curso, reuniranse todas as integrantes do departamento para avaliar a programación, respondendo ao seguinte cuestionario e engadindo novas cuestións que poidan xurdir como efecto da reflexión conxunta:

A.- Parte da programación non impartida.

B.- Xustificacións da parte da programación non impartida.

C.- Modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica.

D.- Motivos das modificacións feitas.

E.- Propostas de melloras para a programación didáctica do próximo curso.

F.- Estudo das obras incluídas no plan lector.

G.- Propostas de modificacións no plan lector.

H.- Análise dos resultados da avaliación do alumnado grupo a grupo.

Os resultados desta autoavaliación continua serán consignados na memoria final de curso.

Vilaboa, 15 de setembro de 2022

ANEXO I

TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

CURSO: 2º ESO

ÁREA: Lingua galega e literatura

Obxectivos	Criterios de avaliación	Estándares	Grao mínimo de consecución para superar a materia	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA ACUALIFICACIÓN	C.C.
							Instrumentos de avaliación Procedementos de avaliación	
BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR (10% en cada trimestre)								
d, e, h, l, ñ	LG-B1.1	2º-LGB1.1.1 - Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa de textos orais de carácter informativo propios dos medios de comunicación audiovisual (reportaxes, crónicas e documentais).	Comprende o sentido e a intención comunicativa de textos orais informativos dos medios de comunicación, adaptados ao seu nivel	0,5	0,5	0,5	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Producións orais. Escala de observación. Proba obxectiva escrita.	CCL, CAA
		2º-LGB1.1.2 - Traslada a información relevante de discursos orais dos medios de comunicación audiovisual a esquemas ou resumos.	É quen de realizar esquemas ou resumos de textos orais dos medios de comunicación.	0,25	0,25	0,25	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais.	CCL, CAA
d,e,h	LG-B1.2	2º-LGB1.2.1 - Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os feitos e datos relevantes en textos orais do	Pode extraer a idea principal e os datos máis relevantes de textos orais do ámbito académico	0,5			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática. Probas	CCL, CAA

		ámbito social e educativo.					específicas. INSTRUMENTOS: Producións orais. Escala de observación. Proba obxectiva escrita.	
		2º-LGB1.2.2 - Comprende e segue as instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.	Segue pautas para a realización das tarefas e planifica os recursos necesarios para realizalas	0,5	0,5	0,5	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CAA
a, c, d, h	LG-B1.3	2º-LGB1.3.1 - Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).	Escoita con interese e respecta as opinións dos demais. Aplica a regra das quendas de palabra nas postas en común e rexeita a linguaxe	0,25	0,25	0,25	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CSC, CCL
		2º-LGB1.3.2 - Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal.	Exprésase oralmente con corrección e valora a importancia da entoación, as pausas, o volume e a linguaxe non verbal	0,5	0,5	0,5	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Producións orais. Probas obxectivas orais. Escala de observación.	CCL, CSC, CSIE
a, c, d, h	LG-B1.4	2º-LGB1.4.1 - Diferencia as ideas principais e as secundarias e identifica a intención comunicativa de programas de carácter informativo: noticias, reportaxes e crónicas.	É quen de distinguir as ideas principais e secundarias de noticias, reportaxes e crónicas.	0,5			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Caderno de clase e traballos escritos. Escala de observación.	CCL
		2º-LGB1.4.2 - Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas.	Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas.		0,5		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Caderno de clase e textos escritos. Escala de observación.	CCL, CAA, CSIE
		2º-LGB1.4.3 - Reflexiona sobre as mensaxes e rexeita usos	Distingue mensaxes que conteñan prexuízos ou discriminacións e		0,5	0,5	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Probas específicas.	CSC, CAA

		lingüísticos que levan implícitos prexuízos e discriminacións.	aprende a evitalos				INSTRUMENTOS: Escala de observación. Proba obxectiva escrita.	
h, o	LG-B1.5	2º-LGB1.5.1 - Aprecia a emisión dunha pronuncia e prosodia correcta, recoñece os erros nas producións orais propias e alleas e propón solucións para melloralas.	Aprecia a importancia da pronuncia correcta e esfórzase por mellorar a súa pronuncia	0,25	0,25	0,25	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais e probas obxectivas orais.</p>	CSC, CAA
		2º-LGB1.5.2 - Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia galega.	Analiza e rexeita prexuízos asociados á pronuncia da lingua galega	0,5	0,5	0,5	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais e probas obxectivas orais.</p>	CAA
		2º-LGB1.5.3 - Asume, se a posúe, a variante dialectal propia e utilízaa na súa práctica habitual.	Valora as variantes dialectais da lingua.	0,25	0,25	0,25	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais e probas obxectivas orais.</p>	CCL, CCEC
h, o	LG-B1.6	2º-LGB1.6.1 - Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	Exprésase oralmente con corrección, adecuación e coherencia.	0,5			<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais e probas obxectivas orais.</p>	CCL, CSC
		2º-LGB1.6.2 - Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega	Participa en intervencións ou debates de clase esforzándose por empregar unha fonética correcta e esfórzase por colocar correctamente os pronomes átonos nas intervencións orais.	0,5	0,5	0,5	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais. Escala de observación.</p>	CCL

		(pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).						
		2º-LGB1.6.3 - Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada).	Coñece algunha fraseoloxía do galego e emprégaa oralmente.	0,25	0,25	0,25	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Producións orais e probas obxectivas orais. Escala de observación.	CCL
		2º-LGB1.6.4 - Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.	Esfórzase por mellorar e ampliar o seu léxico	0,5	0,5	0,5	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Producións orais e probas obxectivas orais. Caderno de clase e textos escritos.	CCL
b, e, g, h	LG-B1.7	2º-LGB1.7.1 - Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.	Manexa ferramentas dixitais para construír coñecemento.		0,5	0,5	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Textos escritos. Escala de observación.	CD, CAA, CSIEE
		2º-LGB1.7.2 - Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente.	Usa as TIC para mellorar a presentación dos seus traballos	0,5	0,5	0,5	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos . Traballos e exposicións orais.	CD, CCL, CSC
a, c, d, h	LG-B1.8	2º-LGB1.8.1 - Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo con respecto ás regras de interacción e ás opinións alleas.	Participa en debates guiados sen saír do tema, respectando as quendas e escoitando aos interlocutores/as.	0,5			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Producións orais. Escala de observación.	CCL, CSC
		2º-LGB1.8.2 - Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates	Participa en debates guiados sen saír do tema, respectando as quendas e escoitando aos	0,5			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.	CCL, CSC

		e coloquios.	interlocutores/as.				INSTRUMENTOS: Producións orais. Escala de observación.	
		2º-LGB1.8.3 - Expresa e compara con compañeiras/os a súa opinión sobre unha obra de lectura.	Participa en debates sobre obras de lectura.	0,25	0,25	0,25	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Producións orais. Escala de observación.	CSC, CAA
a, b,c, g, h, o	LG-B1.9	2º-LGB1.9.1 - Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.	Elabora un guión para expoñer oralmente un tema.	0,25	0,25	0,25	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as . INSTRUMENTOS: Caderno de clase e textos escritos.	CAA
		2º-LGB1.9.2 - Fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade.	Esfórzase por expresarse correctamente en público e por adecuarse ao nivel de formalidade da situación comunicativa.	0,25	0,25	0,25	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Producións orais e probas obxectivas orais . Escala de observación.	CCL, CSC, CSIEE
		2º-LGB1.9.3 - Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal nas prácticas orais da lingua.	Esfórzase por expresarse correctamente en público e por adecuarse ao nivel de formalidade da situación comunicativa.	0,5	0,5	0,5	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Producións orais e probas orais obxectivas. Escala de observación.	CCL, CSC
		2º-LGB1.9.4 - Adecúa a súa pronuncia á finalidade da práctica oral.	Esfórzase por expresarse correctamente en público e por adecuarse ao nivel de formalidade da situación comunicativa.	0,5	0,5	0,5	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Producións orais e probas orais obxectivas. Escala de observación.	CCL, CAA
		2º-LGB1.9.5 - Recoñece a avalía	Identifica erros nos discursos orais	0,5	0,5	0,75	PROCEDEMENTOS: Análise das	CAA,

		erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.	propios e alleos e trata de corrixilos.				producións dos alumnos/as. Observación sistemática.	CCL
a, d, h, l, ñ	LG-B1.10	2º-LGB1.10.1 - Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.	Expresa opinións e pode guiar unha conversa informal		0,5		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática . INSTRUMENTOS: Producións orais. Escala de observación.	CCL, CSC, CSIEE, CCEC
		2º-LGB1.10.2 - Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.	Pode solicitar correctamente unha información ou un servizo en situacións da vida cotiá, empregando o tratamento e a cortesía adecuados ao destinatario e á situación comunicativa.		0,5	0,5	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Producións orais. Escala de observación.	CSC, CSIEE
		2º-LGB1.10.3 - Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa.	Pode solicitar correctamente unha información ou un servizo en situacións da vida cotiá, empregando o tratamento e a cortesía adecuados ao destinatario e á situación comunicativa.	0,5	0,5	0,5	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Producións orais. Escala de observación.	CCL, CSC
		2º-LGB1.10.4 - Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos.	É quen de distinguir entre discursos orais formais e espontáneos			0,5	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CCL, CAA

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR (20% en cada trimestre)

b, f, h	LG-B2.1	2º-LGB2.1.1 - Analiza e sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas que estruturan visualmente as ideas.	Pode realizar un esquema e un resumo dun texto escrito adecuado ao seu nivel.	1	1	1	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase e textos escritos. Proba obxectiva escrita.</p>	CCL, CAA
		2º-LGB2.1.2 - Busca o significado do léxico descoñecido a partir do contexto, analiza a forma das palabras ou usa dicionarios para contextualizar as acepcións.	Emprega correctamente o dicionario e contextualiza as acepcións.	1	1	1	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación.</p>	CCL, CAA
		2º-LGB2.1.3 - Identifica a idea principal e as secundarias e comprende a relación existente entre elas.	Identifica as ideas principais e secundarias dun texto escrito	0,75	0,75	1	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase e textos escritos. Proba obxectiva escrita.</p>	CCL
		2º-LGB2.1.4 - Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto.	Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto.	0,75	0,75	0,75	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as .</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase e textos escritos.</p>	CCL
		2º-LGB2.1.5 - Compila información para comprender e ampliar o coñecemento das mensaxes: busca bibliografía; consulta libros, revistas, xornais; utiliza recursos audiovisuais e buscadores de internet.	Pode buscar e seleccionar información en distintas fontes (bibliográficas ou recursos TIC) para mellorar a comprensión dos textos.	1	1	1	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación.</p>	CCL, CAA
		2º-LGB2.1.6 - Contrasta os contidos dos textos analizados cos coñecementos propios, antes e	Contrasta os contidos analizados nunha lectura cos coñecementos propios e extrae conclusións.	0,75	0,75	1	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p>	CCL, CAA

		despois da lectura.					INSTRUMENTOS: Escala de observación.	
d, e, h	LG-B2.2	2º-LGB2.2.1 - Comprende e interpreta a información máis relevante de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.	É quen de comprender diferentes textos (instrutivos, normativos e informativos) da vida cotiá e das relacións sociais.		0,25		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Caderno de clase e textos escritos.	CCL, CSC
		2º-LGB2.2.2 - Comprende instrucións escritas de certa complexidade que lle permiten desenvolverse en situacións da vida cotiá.	É quen de comprender diferentes textos (instrutivos, normativos e informativos) da vida cotiá e das relacións sociais.		0,25		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación .	CCL, CSC
		2º-LGB2.2.3 - Comprende e interpreta normas de convivencia, regras de xogos, correspondencia escolar.	É quen de comprender diferentes textos (instrutivos, normativos e informativos) da vida cotiá e das relacións sociais.		0,25		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CCL, CSC
d, e, h	LG-B2.3	2º-LGB2.3.1 - Comprende e interpreta textos propios dos medios de comunicación (noticias).	Pode comprender e interpretar noticias dos medios de comunicación e tamén localizar a información destacada destes medios.		0,75		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Caderno de clase e textos escritos. Proba obxectiva .	CCL, CSC
		2º-LGB2.3.2 - Localiza a información destacada de textos propios dos medios de comunicación: portadas e titulares.	Pode comprender e interpretar noticias dos medios de comunicación e tamén localizar a información destacada destes medios.		0,75		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Caderno de clase e textos escritos. Proba obxectiva escrita.	CCL
d, e, h	LG-B2.4	2º-LGB2.4.1 - Comprende e interpreta textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs	Pode comprender, interpretar e identificar as características de textos expositivos e instrutivos da vida académica.		0,5		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.	CCL, CD, CAA

		educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.					INSTRUMENTOS: Caderno de clase e textos escritos. Proba obxectiva escrita .	
		2º-LGB2.4.2 - Identifica as características específicas de todo tipo de textos nos que se expoñan feitos e se expliquen ideas e conceptos das distintas materias curriculares.	Pode comprender, interpretar e identificar as características de textos expositivos e instrutivos da vida académica.	0,75	0,75	1	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Caderno de clase e textos escritos. Proba obxectiva escrita.	CCL
b, e, h	LG-B2.5	2º-LGB2.5.1 - Utiliza, de forma progresivamente autónoma, diversas fontes de información e integra os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais e escritos.	Usa, con progresiva autonomía, distintas fontes de información (impresa ou dixital) para integrala nos seus discursos orais ou escritos.	0,75	0,75	1	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CCL, CAA
		2º-LGB2.5.2 - Coñece e utiliza habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital.	Usa, con progresiva autonomía, distintas fontes de información (impresa ou dixital) para integrala nos seus discursos orais ou escritos.	0,75	0,75	0,75	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación .	CCL, CD, CAA
		2º-LGB2.5.3 - Coñece o funcionamento das bibliotecas, así como as bibliotecas dixitais e é quen de solicitar libros e vídeos de xeito autónomo.	Pode utilizar as bibliotecas físicas e dixitais.	0,75	0,75	1	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación .	CCL, CD, CAA
c, d, h	LG-B2.6	2º-LGB2.6.1 - Detecta mensaxes que transmiten prexuízos e evita usos lingüísticos discriminatorios.	Pode identificar mensaxes que transmitan prexuízos e evitar usos lingüísticos discriminatorios	0,75	0,75	0,75	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CCL, CSC
		2º-LGB2.6.2 - Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.	É quen de expresar o seu acordo ou desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto	0,75	0,75	1	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de	CCL, CSC

							observación.	
		2º-LGB2.6.3 - Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto.	Pode elaborar a súa propia interpretación sobre o significado dun texto.	0,75	0,75		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas .</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase e textos escritos. Proba obxectiva escrita.</p>	CCL
		2º-LGB2.6.4 - Respecta as opinións dos demais.	Respecta as opinións dos demais.	0,75	0,75	1	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación.</p>	CCL, CSC
h, ñ	LG-B2.7	2º-LGB2.7.1 - Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados (interpreta os signos de puntuación) á situación comunicativa e á función da mensaxe.	Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á función da mensaxe.	0,75	0,75	1	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación. Producións orais.</p>	CCL
		2º-LGB2.7.2 - Usa recursos audiovisuais para rexistrar a voz.	Usa recursos audiovisuais para rexistrar a voz.			0,5	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación.</p>	CCL, CD
b, g, h	LG-B2.8	2º-LGB2.8.1 - Elabora esquemas sinxelos para ordenar as ideas e estruturar o texto.	Emprega esquemas e anotacións para facilitar a comprensión dos textos.		0,5		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase e textos escritos.</p>	CCL
		2º-LGB2.8.2 - Adecúa as súas producións ao rexistro formal e educativo.	Sabe adecuar os seus textos ao rexistro formal e académico.		0,5		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Caderno de clase e textos escritos.</p>	CCL

		2º-LGB2.8.3 - Utiliza elementos lingüísticos e discursivos de cohesión interna do texto (a deíxe, as referencias internas de tipo léxico e os conectores).	Pode elaborar un texto coherente e ben cohesionado.		0,5		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase e textos escritos.	CCL
		2º-LGB2.8.4 - Usa os signos de puntuación do texto en relación coa organización oracional e coa forma do texto (os parágrafos e a distribución e ordenación das ideas expresadas)	Coñece as normas de puntuación e aplícaa nos seus textos escritos.	0,75	0,75	1	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Caderno de clase e textos escritos. Proba obxectiva escrita.	CCL
		2º-LGB2.8.5 - Revisa e reescribe o texto con respecto polas regras ortográficas e morfolóxicas.	Aplica as normas ortográficas e morfolóxicas nos seus textos e esfórzase por revisalos e mellorar a súa presentación.	0,75	0,75	1	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Caderno de clase e textos escritos . Proba obxectiva escrita.	CCL
		2º-LGB2.8.6 - Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios electrónicos e correctores.	Usa procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios electrónicos e correctores.	0,75	0,75	0,75	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos.	CCL, CD
		2º-LGB2.8.7 - Complementa as producións con elementos textuais e paratextuais: ilustracións e gráficos.	Complementa as producións con elementos textuais e paratextuais: ilustracións e gráficos.	0,75	0,75	0,75	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos.	CCL, CD
b, e, h	LG-B2.9	2º-LGB2.9.1 - Produce textos propios da vida cotiá e das relacións persoais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.	Produce textos propios da vida cotiá e das relacións persoais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.	0,75			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase e textos escritos.	CCL, CD, CSC
